

Encontro literario coa escritora Gisela Mato

12:11 Concello de Brión



O xoves 15 de xuño a biblioteca municipal organizou un encontro literario coa escritora **Gisela Mato**. Un serán onde a autora, natural de Ourense e residente en Brión, presentou a súa última publicación: **“fraxilidades”**, editada por Espiral Maior na súa colección de Poesía. Esta obra acadou en 2022 o **XXXV Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé** do Círculo Mercantil e Industrial- Unidat de Fene.

O serán literario celebrouse na Sala Municipal de Exposicións (Casa da Cultura de Brión), comezando ás 20 h., prolongándose aproximadamente durante 45 min. A autora estivo acompañada polo recoñecido escritor e editor Eduardo Estévez, quen foi o encargado de abrir o acto.

Ao remate, Gisela e Eduardo conversaron co público asistente e a autora asinou numerosos exemplares da súa última obra e do seu anterior libro de relatos **“Cuerpos ajenos”**, publicado pola editorial Tandaia en 2020.

